

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 30 de marzo de 2017**

ACTA Nº 6/2017

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do trinta de marzo do ano dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

Persoas ausentes: D. Manuel María García Fernández

ORDE DO DÍA

A Parte dispositiva.

1 APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (acta Pleno extraordinario urxente, n. 3, acta Pleno extraordinario urxente n. 4 e acta Pleno ordinario n. 5 do 23.02.2017).

2 PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDADE DE MUROS.

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA ONDE SE APARCA A CONSTRUCIÓN DO EDIFICIO DO XULGADO DE MUROS.

4 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2017.

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MURADÁN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

6 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B Parte de control dos órganos de goberno.

7 MOCIÓN DE URXENCIA.

8 ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa desculpa a ausencia do concelleiro do BNG, D. Manuel María García Fernández, e dá comezo á sesión ordinaria do Pleno da Corporación de marzo de 2017.

A Parte dispositiva.

1 APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (acta Pleno extraordinario urxente, n. 3, acta Pleno extraordinario urxente n. 4 e acta Pleno ordinario n. 5 do 23.02.2017)

Acta núm. 3, Pleno extraordinario urxente solicitado polo Partido Popular:

A Sra. González di que na acta pon “A Sra. alcaldesa xustifica a urxencia explicando que había un Pleno extraordinario convocado por petición do PP, coa mesma orde do día, para o día 2 de marzo, cos prazos establecidos pola lei, pero que o luns presentou un escrito o Partido Socialista, no que dicía preferir que os Plenos extraordinarios se celebrarán antes do ordinario.” e que o escrito do Partido Socialista dicía: “Solicitamos se convoque o Pleno interesado de acordo co art. 78.3 do ROF, dentro dos catro días seguintes á petición, sendo o primeiro a efectos de cómputo o día da presentación da solicitude, sen poder incorporar a orde do día solicitada polo grupo PSdeG-PSOE, a un pleno ordinario, nin que neste pleno se inclúan máis asuntos”

A Sra. alcaldesa explica que a acta recolle o que dixo ela e non o que dicía o Partido Socialista na súa solicitude.

Votación:

A favor: 8 votos (4 do PP, 3 de CxG e 1 do BNG).

En contra: 4 votos do PSdeG-PSOE.

Apróbase a acta núm. 3 correspondente ao Pleno extraordinario urxente, solicitado polo Partido Popular, do 23 de febreiro de 2017.

Acta núm. 4, Pleno extraordinario urxente, solicitado polo Partido Socialista:

A Sra. González di que non houbo pleno. Que non saben por que se fixo unha acta xa que o pleno non se deu por constituído.

Que cando votaron a favor da proposta do Partido Popular que dixeron que retiraban a súa proposta de Pleno porque non querían gravar ao Concello.

A Sra. alcaldesa di que o Partido Socialista retirou o Pleno unha vez que xa se iniciara, no debate da urxencia.

A Sra. González pide unha copia da gravación.

Votación:

A favor: 4 votos (3 de CxG e 1 do BNG)

En contra: 4 votos do PSdeG-PSOE

Abstencións: 4 votos do PP

Ao haber un empate procédese a unha segunda votación:

A favor: 4 votos (3 de CxG e 1 do BNG)

En contra: 4 votos do PSdeG-PSOE

Abstencións: 4 votos do PP

Co voto de calidade da Sra. alcaldesa queda aprobada a acta núm. 4 correspondente ao Pleno extraordinario e urxente, solicitado polo Partido Socialista, do 23 de febreiro de 2017.

Acta núm. 5, Pleno ordinario do 23 de febreiro de 2017.

A Sra. Monteagudo di que queren facer unha corrección na páxina 15, punto 5, parágrafo 11, onde di: *“Que en todo caso a declaración de nulidade, entenden que ten un procedemento regulado en causas pasadas e que a proposta carece de ningún informe a este respecto polo que non é posible valoralo.”* e que en realidade dixeron *“en causas taxadas”*.

A Sra. González anuncia o seu voto en contra porque cren que nesa acta se está cometendo unha prevaricación administrativa xa que non están recollidas as mesmas obras que na acta do primeiro pleno no que se aproba unha priorización das obras do POS+. Que entre as obras estaba a do Chalón e unha obra en Esteiro que non figuran nesa acta, polo que se vulnera o acordo anterior e que van presentar unha reclamación.

Votación:

A favor: 8 votos (4 do PP, 3 de CxG e 1 do BNG).

En contra: 4 votos do PSdeG-PSOE.

Apróbase a acta núm. 5 correspondente ao Pleno ordinario do 23 de febreiro de 2017.

2 PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MUROS.

A Sra. alcaldesa dá lectura á proposta:

“Exposición de motivos:

O Consello de Ministros vén de aprobar o Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demarcación dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.

Neste real decreto procédese a agrupar o Rexistro de Muros ao de Corcubión, que pasan a estar integrados e desempeñados por un único rexistrador, situado na oficina de Corcubión, que terá a consideración de oficina principal, segundo dispón a citada normativa, aprobada polo goberno central.

A realidade coa que nos atopamos é que a praza de rexistrador da propiedade de Muros desaparece, manténdose inicialmente unha oficina dependente do Rexistro de Corcubión, que é onde radicará a demarcación do rexistro e a sede da oficina do rexistrador da propiedade.

As medidas adoptadas con respecto ao Rexistro de Muros (que de facto pasa a desaparecer e integrarse no de Corcubión) supoñen o recorte dun servizo público esencial, que pode obrigar á veciñanza de Muros a ter que trasladarse para realizar trámites de especial transcendencia, xa que fai presumir que estas medidas constitúen o primeiro paso para a supresión definitiva deste servizo no termo municipal de Muros.

Resulta indiscutible que unha vila da importancia de Muros debe contar con servizos como o do Rexistro da Propiedade, vital desde o punto de vista administrativo e socioeconómico para este municipio e a súa área de influencia.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte acordo:

1º) Rexeitar a integración do Rexistro da Propiedade de Muros no de Corcubión, aprobada polo Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo.

2º) Solicitar ao Ministerio de Xustiza que revoque esta medida e permita a permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros, dando traslado ao Ministerio deste acordo plenario.

3º) Dar traslado deste acordo plenario ao goberno da Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia, aos efectos de instar o seu apoio á reivindicación da permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros.

4º) Instar que a agrupación dos rexistros sexa persoal e non funcional.

5º) Dar traslado á Deputación e á FEGAMP desta reclamación.

6º) Que non se tome como referencia o número de asentos rexistrados na época de crise e que o criterio a utilizar sexa igual para todos.”

Explica que é unha proposta resultado da reunión que houbo con profesionais que teñen relación co rexistro e resultado das achegas dos partidos da oposición, sobre todo do partido popular e do partido socialista.

Di que é unha proposta acordada e dá paso ao debate.

A Sra. Monteagudo di que xa manifestaron tanto na comisión informativa como na outra reunión que defenden a permanencia do Rexistro da Propiedade e sobre todo que se garanta a prestación dos servizos que ofrece a oficina do rexistro e que se manteñan na súa totalidade.

Que aínda que entenden que o real decreto vai nesta liña e na súa disposición adicional primeira garante que as oficinas creadas se manterán abertas ao público e nelas se seguirán desenvolvendo as operacións propias das oficinas principais, que tamén lles entregou a Sra. alcaldesa, nesa reunión, unha carta que lle envía á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, que di que se vai manter o arquivo histórico e que *“los usuarios podrán seguir realizando presentaciones y retiradas de toda clase de documentos, obtener publicidad formal y todas las demás operaciones propias de las oficinas de un Registro de la Propiedad que han venido desarrollando hasta la fecha, para lo cual estará telemáticamente conectada con la oficina del Registro de la Propiedad de Corcubión, evitando así al ciudadano traslados innecesarios entre las distintas oficinas para resolver cuestiones registrales que afecten al territorio situado en el otro distrito”*. Que aínda así consideran que a perda de cabeceira de comarca para Muros, que é unha cuestión que hai que intentar solventar e defender.

Que como tamén manifestaron na comisión e na reunión, consideran que é importante facer un seguimento neste senso, de que este servizo se preste nestas condicións e que o Concello debe estar vixiante.

Que pediron na comisión, aínda que non se recolle na proposta, que se valorase a posibilidade de facer un informe xustificativo da reivindicación da permanencia do Rexistro e incluso de constituír unha comisión de seguimento e que se solicitara tamén o apoio doutras entidades que a proposta da Alcaldía non incluía como era a da Deputación e a Fegamp.

A Sra. González di que na reunión cos/coas profesionais ademais desas peticións tamén se acordou falar co resto dos concellos afectados e non se recolle na proposta, e gustaríalle que se recollera para, entre todos e todas, poder facer máis forza.

Que xuntaron 2.700 sinaturas de toda a veciñanza de Muros e que a primeira presentación a fixeron na Subdelegación do Goberno, dirixida á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e que lles gustaría que o xustificante formara parte da proposta (fai entrega do xustificante aos distintos grupos).

Que 2.700 sinaturas son moitas e non fan máis que deixar de manifesto que a veciñanza non queren seguir perdendo servizos.

Que non sabe que pasa co Ministerio de Xustiza do Partido Popular porque sempre que fai un recorte se acorda de Muros, primeiro foi coa lei de planta, a remodelación que se facía suprimía o xulgado de Muros e agora e co Rexistro da Propiedade.

Que non poden estar de acordo con esas políticas do Partido Popular. Que se podía recortar doutra maneira e que de feito cando foi dos xulgados se fixo un labor moi grande entre colexios de avogados/as, procuradores/as e máis xente vinculada ao xulgado e incluso a veciñanza.

Que a súa sorpresa foi cando viron que non se estaba facendo nada e na rúa había unha grande alarma social e que empezaron a recoller as sinaturas e a xente preguntaba onde podían asinar porque querían deixar de manifesto que están en contra dos recortes dos servizos aos que temos dereito.

Que non se trata de que hai que facelos senón que se trata dunha oficina semipública onde os ingresos son para un particular, o rexistrador da propiedade.

Que como dicían na reunión cos/coas profesionais, non é un motivo que o Sr. rexistrador da propiedade vexa minguados os seus ingresos e que ese sexa o motivo basicamente e non a territorialidade como manifestan nese real decreto.

Que o outro día se lles entregou unha comunicación do Ministerio de Xustiza, xustificando a anulación da oficina do Rexistro e que quedou claro, entre todos, que é inviable ter dúas sedes e un só Rexistro.

Que lle piden á Sra. alcaldesa que axilice eses trámites coas outras Alcaldías involucradas ou prexudicadas co peche desta oficina e que eles van seguir co seu labor facendo chegar a todas as institucións a queixa e a solicitude de toda a veciñanza de Muros.

A Sra. Simal, do BNG, di que está de acordo co expresado pola compañeira do PSOE e que a eles non lle chegou a petición das sinaturas que senón tamén terían asinado.

Que dende o BNG tamén están traballando no Parlamento para tomar iniciativas que forcen atrás a marcha dese proceso que ven como outra estratexia máis do Partido Popular para precarizar os servizos públicos e que apoiarán todas aquelas actuacións que busquen evitar o desmantelamento do precario estado de benestar no que vivimos.

Con respecto ás conversas coas outras Alcaldías, a Sra. alcaldesa di que xa falou co alcalde de Carnota, co de Mazaricos e coa alcaldesa de Outes e que lle enviou por correo electrónico copia da xustificación do Ministerio, copia da proposta e os modelos que teñen postos a disposición de entidades e particulares para que, quen queira, poda reclamar ao Ministerio ou a Dirección Xeral que se manteñan os servizos e o Rexistro de Muros.

Que nas conversas telefónicas, o alcalde de Carnota e o de Mazaricos lle dixeron que apoiaban sen ningún problema e a alcaldesa de Outes que lle dixo ía mirar ben a documentación xa que o que a ela lle transmitiran era que se ía manter todo igual e que non ía haber ningún cambio. Que ía mirar todo ben e logo decidiría.

En relación ás sinaturas, a Sra. González pregunta se se pode engadir outro punto na proposta e a Sra. alcaldesa di que iso era algo que quería preguntar e que logo lle conteste na súa segunda rolda de intervención.

A Sra. alcaldesa preguntalle como quere que se faga constar na proposta o das sinaturas, que non hai ningún problema e que o Concello colaborou, compulsándoas. Pero que é unha recollida que se iniciou antes da proposta e que xa está enviada.

Tamén lle pide á Sra. González que explique cómo quere que figure o tema de implicar aos demais alcaldes. Que pode ser na exposición de motivos ou na proposta de acordo.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que o que lles interesa é que se teña o servizo porque entenden que é o importante para a veciñanza de Muros.

Explica que o Rexistro de Muros hai dez anos que está vacante e que ten bastantes problemas a hora de traballar por ese motivo. Que sofre bastantes atrasos e que incluso as persoas usuarias que poden se van facer os trámites a outro sitio.

Que entende que o importante é que a veciñanza de Muros poidamos seguir facendo uso dese servizo e que tal e como está redactado o decreto, se garanta que o servizo se vai manter.

Que outra cousa é que haxa que estar vixiante con que se cumpra o que o decreto di.

Que ata o de agora viñan rexistradores de Corcubión, Ordes, das Pontes de García Rodríguez, unha vez cada mes ou cando lle tocaba, cada un coa súa forma de facer e de traballar. E que é de esperar que se agora é unha única persoa a que se vai facer cargo do Rexistro, sexa un funcionamento máis áxil e mellor.

Que é evidente que unha praza que leva vacante dez anos ten algún problema, e terán que poñerlle algunha solución.

Que o que si reivindicán é que se manteña o servizo.

Que as sinaturas, que efectivamente están recollidas, que cre que a xente está asinando de boa fe.

Diríxese á voceira socialista para dicirlle que ela non lle asinaría un papel en branco, nunca. E que o formato onde se están recollendo as sinaturas, se asina un papel en branco e que non ten moi claro que iso sexa correcto.

En canto a Lei de planta xudicial, que se retirou. Segue dirixíndose á voceira socialista dicindo que se quere falan da reconversión industrial ou da política do PSOE, porque non ve que veña moi a conto neste caso.

A Sra. González dille á voceira popular que o que está claro é que os que non lle asinaron un papel en branco foron eles e que por iso está na oposición.

Que non esperaban outra cousa, o Partido Popular, defendendo as políticas do Partido Popular porque *“es la voz de mi amo”* e que son como ovellas. Que todo canto din o teñen que defender. Que o que pasa é que lle falta valor diante da xente de estar no Pleno dicindo que lle dan a razón ao ministro e que pechen o Rexistro. Que ao final se pecha pero non se pecha de todo. Que se pecha un pouquiño porque vai funcionar igual. Que é o que están contando. Que están xustificando a política do Partido Popular e que non é nada raro porque se xustificou de todo.

Que xa esperaban que foran a xustificalo. Pero que despois hai que andar pola rúa e que unha parte importante da xente que asinou, non de boa fe senón que sabían o que asinaban e querían facelo, foi xente do Partido Popular que non estaban de acordo coa política que están tendo.

Segue dirixíndose á voceira Popular dicindo que non ten nin idea de como funciona o Rexistro da Propiedade. Que acaba de dicir que leva moito atraso porque o rexistrador non ven e que a xente vai presentar documentos a outro lado, cando é imposible. Que os documentos de Muros os hai que presentar en Muros, desde Carnota ata Serra de Outes.

Que o tráfico xurídico que dependa do Rexistro da Propiedade, de bens inmobles, ten que ir ao Rexistro da Propiedade de Muros e que o resto é ignorancia supina.

Que logo a voceira popular di que a oficina liquidadora está tardando moito. Que a oficina liquidadora en Muros é: levas o impreso previo pago na oficina bancaria e pónenlle un selo que é inmediato.

Que tratamos de xustificar o inxustificable.

Que di que cunha persoa vai ser moito máis áxil e que resulta que esa persoa vai levar dous rexistros, o de Corcubión e o de Muros, e que Muros está a máis de corenta minutos de Corcubión. Pero que esa persoa vai ser *superman* e vai voar.

Que o Partido Popular di que imos estar mellor cunha persoa para dous Rexistros que con un rexistrador para cada Rexistro. Que o din porque cumpren ordes e que pouco lle interesa o futuro do noso concello.

Que desde o Partido Socialista, primeiro, non recolleron ningunha sinatura en branco e segundo que as sinaturas as presentaron onde cren que as hai que presentar. Que van seguir presentándoas e dá as grazas a Sra. alcaldesa por ter colaborado con eles para facer as compulsas, xa que do contrario non lles valían.

Que cren que é importante levar o pesar da veciñanza ás institucións e que por iso o fixeron. Que non o fixeron para eles se non para toda a veciñanza.

Que pensan que están de acordo todas as institucións, menos o Partido Popular. Que tamén di que desde o goberno se retirou a modificación da Lei de planta e que non é así. Que o que fixeron foi cortarlle a cabeza ao ministro porque era unha barbaridade, ao Sr. Gallardón e *“que Dios lo tenga en la gloria”*.

Que se o actual ministro se vai empecinar con Muros, que van facer todo o posible para que tampouco estea aí.

Que van defender a xente que defenda o noso concello e dille a Sra. Monteagudo que nunca lle pediron unha sinatura en branco a ningún.

Explica que como o día da reunión cos/coas profesionais acordaron que todas as alcaldías implicadas fixeran un escrito manifesto protestando polo Real Decreto 195/2017 e que se faga constar dalgunha maneira no corpo da súa proposta ou nunha petición.

A Sra. alcaldesa propón incluír un punto solicitando aos Concellos de Carnota, Outes e Mazaricos o seu apoio a esta proposta e a Sra. González di que lle parece ben.

A Sra. Monteagudo di de poñer “Instar aos concellos afectados a apoiar esta reivindicación”

Con respecto ás 2.700 sinaturas a Sra. González di de deixar constancia na proposta da protesta da veciñanza de Muros pola supresión do Rexistro.

A Sra. alcaldesa propón poñer na exposición de motivos que se fixeron varias iniciativas e unha delas foi, por parte do Partido Socialista, recoller sinaturas, das que se acadaron 2.700.

Pregunta a Sra. Monteagudo como quedaría redactado e a Sra. alcaldesa propón introducir un último parágrafo, antes das peticións, que poña: “Que dende Muros se están adoptando varias medidas, entre elas a recollida de sinaturas, promovida polo PSdeG-POSE, das que se acadaron unhas 2.700 que foron enviadas ao Ministerio e que se van dirixir á FEGAMP”.

Ante as dúbidas da voceira popular a Sra. alcaldesa propón poñer “unha recollida de sinaturas que o grupo socialista manifesta que son unhas 2.700.

Logo de ver que o recibo da entrega de sinaturas conta un selo acordan poñer: que o grupo socialista manifesta por escrito que son unhas 2.700.

A Sra. Simal di que están en contra da supresión do Rexistro de Muros e contesta á voceira popular, cando di que a xente se desespera e vai facer o trámite a outros sitios, que pensa que é mentira porque ela o poderá facer pero que hai xente que ten setenta ou oitenta anos que non dispón de coche e ter que moverse a Corcubión non lle é moi cómodo. Que eles loitan polo benestar da súa veciñanza e que suprimindo este rexistro non se acadará.

A Sra. alcaldesa di que desde CxG apoian tamén esta iniciativa porque entenden que non hai ningunha xustificación razoable para esta modificación. Que non beneficia en nada á cidadanía e á única persoa que beneficia esta reestruturación ou reorganización é ao/á rexistrador/ra porque lle permite manter ingresos.

Que se realmente queren modificar algo e axudar algo á cidadanía que sería máis comprensible que fixeran outro tipo de reestruturación como se indica na proposta, unha agrupación persoal en lugar de funcional, que non afectaría á cidadanía e que unha persoa atendera dous rexistros pero cada un deles como tal. Ou unha reorganización na que se fixera outra distribución territorial dos lugares afectados de xeito que non obrigarán a unha persoa de Esteiro a ir a Corcubión, case a unha hora de distancia, habendo outra aquí que lle queda moito máis preto.

Que preguntándose a quen beneficia, hai motivos sobrados para opoñerse. Que tanto os grupos da Corporación, no Pleno, como os/as profesionais na reunión que houbo, quedou de manifesto que o importante é que Muros teña todos os servizos.

Votación: unanimidade.

Acordo: Apróbase a proposta da Alcaldía sobre a situación do Rexistro da Propiedade de Muros, que queda redactada do seguinte xeito:

“Exposición de motivos:

O Consello de Ministros vén de aprobar o Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demarcación dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.

Neste Real Decreto procédese a agrupar o Rexistro de Muros ao de Corcubión, que pasan a estar integrados e desempeñados por un único rexistrador, situado na oficina de Corcubión, que terá a consideración de oficina principal, segundo dispón a citada normativa, aprobada polo goberno central.

A realidade coa que nos atopamos é que a praza de rexistrador da propiedade de Muros desaparece, manténdose inicialmente unha oficina dependente do Rexistro de Corcubión, que é onde radicará a demarcación do Rexistro e a sede da oficina do rexistrador da propiedade.

As medidas adoptadas con respecto ao Rexistro de Muros (que de facto pasa a desaparecer e integrarse no de Corcubiión) supoñen o recorte dun servizo público esencial, que pode obrigar á veciñanza de Muros a ter que trasladarse para realizar trámites de especial transcendencia, xa que fai presumir que estas medidas constitúen o primeiro paso para a supresión definitiva deste servizo no termo municipal de Muros.

Resulta indiscutible que unha vila da importancia de Muros debe contar con servizos como o do Rexistro da Propiedade, vital desde o punto de vista administrativo e socioeconómico para este municipio e a súa área de influencia.

Dende Muros estanse adoptando varias medidas, entre elas a recollida de sinaturas promovida polo PSdeG-POSE, que o grupo socialista manifesta por escrito que son 2.700 sinaturas que foron enviadas ao Ministerio e que se van dirixir á FEGAMP.

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte acordo:

1º) Rexeitar a integración do Rexistro da Propiedade de Muros no de Corcubiión, aprobada polo Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo.

2º) Solicitar ao Ministerio de Xustiza que revoque esta medida e permita a permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros, dando traslado ao citado ministerio do presente acordo plenario.

3º) Dar traslado do presente acordo plenario ao goberno da Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia, aos efectos de instar o seu apoio á reivindicación da permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros.

4º) Instar que a agrupación dos rexistros sexa persoal e non funcional.

5º) Dar traslado á Deputación e á FEGAMP desta reclamación.

6º) Que non se tome como referencia o número de asentos rexistrados na época de crise e que o criterio a utilizar sexa igual para todos e todas.

7º) Instar aos concellos afectados a apoiar esta reivindicación”

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA A RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA ONDE SE APARCA A CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO DO XULGADO DE MUROS

A Sra. González le a moción:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA ONDE APARCA A CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO DO XULGADO DE MUROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Muros, co goberno do Partido Socialista, durante o goberno do bipartito PSOE-BNG, na Xunta de Galicia, atendendo as necesidades da poboación de Muros, e en concreto a pelexa que durante moitos anos estamos a sufrir os muradás e muradás, aprobouse e dotouse de consignación orzamentaria a construción dun edificio para a situación do xulgado de Muros, redactouse o proxecto de edificación, e polo Concello adquiríronse os terreos poñendo os mesmos a disposición da Xunta de Galicia para iniciar ese edificio de xulgados.

Tan pronto como entrou no goberno da Xunta de Galicia o grupo popular non dubidou un minuto en paralizar o proxecto de construción, desviando os cartos para outras cousas, cartos que non se investiron no noso concello.

Despois desde o goberno de España, o Sr. ministro naquel intre, Sr. Gallardón, non se lle ocorre mellor cousa que propoñer unha modificación de Lei de planta, o que levaba entre outras cousas a afastar a xustiza da veciñanza, pois propoñía pechar un número elevado de sedes xudiciais para trasladalas ás capitais de provincias. Por suposto en ese paquete de

supresión de xulgados encontrábase Muros, problema que foi solucionado coas múltiples protestas de particulares, colexios de avogados e colexios de procuradores de toda España, e máis concretamente no caso que nos ocupa de Galicia, e finalmente cesando o Sr. Gallardón como ministro de Xustiza.

Pois parece ser que non acabou o ataque ao noso concello en relación cos dereitos da cidadanía e a proximidade da xustiza, pois estes días coñecemos pola prensa en boca do director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, D. Juan José Martín Álvarez, que o goberno do PP acordou suprimir a Muros do Plan de infraestruturas xudiciais aprobado en 2009, suprimindo así mesmo, a construción do edificio do xulgado de Muros. Argumentando que “en esta demarcación non hai unha previsión de aumento de demanda, e o servizo sitúase no Concello dun xeito digno para cumprir a súa función”, substituíndo esta inversión por novas inversións e melloras nos xulgados de Vilagarcía, Cambados e Vigo.

O Sr. director de Xustiza non se preocupou de informarse cal era a situación do xulgado no edificio do Concello de Muros, nin tampouco de cómo eran esas previsións que el apunta, porque se se informara seguramente se decatara de que e o único xulgado de Galicia que non ten videoconferencia, non hai funcionariado de servizo de notificacións, non hai local para roldas de recoñecemento, o local da avogacía tense que situar en parte das instalacións do Concello, todo iso por non haber sitio físico, ademais de ter que compartir de xeito moi incómodo o arquivo definitivo, así como o lugar para gardar as pezas de convicción, deixando moito que desexar co que marca a lei, e considerando que no ano 2016 o número de asuntos que entraron para o seu trámite ascendeu a 1.437, sen prexuízo dos que seguen en trámite, co cal non só si necesitamos un edificio que cumpra coas necesidades que apuntamos senón que ademais necesitaríamos un Xulgado núm. 2.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación de Muros:

- 1.- Que se requira á Xunta de Galicia na persoa do seu director xeral, para que o Concello de Muros, siga incluído no Plan de infraestruturas xudiciais, aprobado no ano 2009, con todas as prerrogativas e beneficios que lles correspondan.
- 2.- Que se recupere a partida orzamentaria, así como o proxecto que consta no departamento de Xustiza da Xunta de Galicia, e se acorde iniciar o edificio para o cal estaba destinado, dotando o mesmo de infraestruturas e servizos que constan en todos ou case todos os xulgados de Galicia, por ser necesarios para o digno exercicio da xustiza, por se un dereito de todos e todas os muradáns.
- 3.- Que se asigne outro/a funcionario/a ao Xulgado de Muros.”

Que están de acordo coa emenda do Partido Popular:

“EMENDA DO PARTIDO POPULAR A MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE A RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA ONDE APARCA A CONSTRUCIÓN DO EDIFICIO DO XULGADO DE MUROS

Que o Concello de Muros se dirixa á Xunta de Galicia para que se contemple a construción dun edificio xudicial e que se garantan as dotacións de todo tipo necesarias para un axeitado funcionamento da Administración de Xustiza no Partido Xudicial de Muros, e en especial, en este exercicio de 2017 se dote dun equipo de videoconferencia ao Xulgado de Muros.”

A Sra. Monteagudo di que non era unha addenda, que era unha emenda á proposta do grupo socialista porque non hai ningunha resolución da Xunta de Galicia na que se diga que non se vai facer un edificio do Xulgado de Muros. Que o Plan de infraestruturas xudiciais segue contemplando a construción dun edificio en Muros, se ben é certo que se priorizaron outras actuacións seguindo os criterios marcados polas memorias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Que o que si consideran necesario é que se contemple a construción dun edificio xudicial, que cren que é importante que se faga e que se manteña o servizo en condicións dignas e que neste mesmo exercicio se lle dote dun equipo de videoconferencia porque as roldas de recoñecemento pódense facer no cuartel, que ten instalacións suficientes, e que cre que o servizo de notificación está funcionando.

Que lles parece ben que se dote de máis funcionariado e que fai falta pero que como o Concello segue no Plan de infraestruturas xudiciais o que propoñen é que a proposta de acordo quede: "Que o Concello de Muros se dirixa á Xunta de Galicia para que se contemple a construción dun edificio xudicial e que se garantan as dotacións de todo tipo necesarias para un axeitado funcionamento da Administración de Xustiza no Partido Xudicial de Muros, e en especial, en este exercicio de 2017 se dote dun equipo de videoconferencia ao Xulgado de Muros." e que a isto se engadiría: "Que se asigne outro/a funcionario/a ao Xulgado de Muros."

Que isto foi no que quedaron na comisión informativa.

A Sra. González di que na comisión quedaron en pedir un/unha funcionario/a máis e que lle parece ben que se inclúa na súa moción. Que tampouco lles importaba que a petición do Partido Popular se fixera constar na súa moción como un acordo da comisión informativa.

Que Muros necesita unha nova infraestrutura, si. Que Muros ten servizo de notificacións, non.

Que o que non pode ser é que en todos os xulgados da comarca haxa un servizo exclusivo, que ten unha oficina con dous funcionarios para facer notificacións, non a axente xudicial como no ano 60, que é a que está facendo as notificacións. E que agora non as fai porque, entre os recortes do Partido Popular, recortáronlle os gastos de desprazamentos e traslados.

Que se non lle pagan dietas, non se fan as notificacións. Dille á Sra. Monteagudo que aí tamén erra. Que as notificacións as fan os/as procuradores/as e cren que Muros ten o mesmo dereito que calquera outro sitio.

Que non fan máis que reclamar os dereitos da veciñanza de Muros. Que a veciñanza ten dereito e que o reclaman.

Que non están de acordo cos recortes que se están facendo. Que a voceira popular di que en ningún lado está posto iso pero que na televisión saíu. Que o Sr. director de Xustiza o dixo na TV e non sabe se o inventou.

Que o dixo na TV, seguro e que non hai partida, tamén seguro, porque os seus compañeiros e compañeiras preguntaron en Santiago e a partida voou.

Que priorizaron outras cousas: poñerlle calefacción a Vilagarcía, poñerlle funcionariado a non sabe que, cambiar os equipos informáticos de non sabe onde, cando en Muros estamos achicados e que a voceira popular, desde logo, tamén o sabe porque están compartindo o arquivo que é moi complicado. Que na última planta do Concello non hai nin para o Concello nin para o Xulgado.

Que pensar que están as pezas de convición nun sitio onde non hai seguridade é unha barbaridade. Que todo iso cre que a veciñanza de Muros temos dereito a funcionar con todo o que a lei marca, xa que está regulado perfectamente, e non sufrir sempre Muros.

Que a Xunta de Galicia non mira para Muros para facer estrados, que mira para quitarlle o Rexistro, o Xulgado...Que é para iso todo para o que mira para Muros.

Dille a voceira popular que a ela non lle interesa porque non traballa en Muros pero que os que viven e traballan en Muros si lles interesa.

A Sra. Simal di que eles están a favor de mellorar todos os servizos públicos e por suposto tamén a xustiza.

Que consideran un agravio por parte do Partido Popular facer desaparecer esa achega do estado que estaba comprometida para este proxecto desde 2009, que son case dez anos.

Que tamén desapareceu a partida para a remodelación do paseo de Esteiro e moitas cousas máis.

Que tamén ven que deslocalizar o Xulgado da Casa do Concello, que repercutiría en que se puideran dotar máis oficinas para os distintos organismos locais, podendo centralizar así a xestión nun único edificio administrativo e mellorando a eficiencia e comodidade para a cidadanía.

A Sra. alcaldesa di que o seu grupo CxG, están de acordo en que constrúa un edificio do Xulgado en Muros xa que as instalacións que están na actualidade non lles parecen unhas

instalación dignas, nin para as persoas que traballan alí nin para as persoas que acoden a facer distintos trámites.

Que lles parece necesario que se constrúa un novo edificio. Que é de xustiza.

Votación: unanimidade.

Acordo: Apróbase a Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á resolución da Xunta de Galicia onde aparca a construción do edificio do Xulgado de Muros e apróbase a emenda presentada polo grupo popular.

4 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2017.

A Sra. alcaldesa explica que o RC 01/2017 é o mesmo que se levou ao Pleno de febreiro. Que son facturas que suman un importe total de 176.531,86 € e que o traen para a consideración e aprobación do Pleno.

Que xa o mes pasado informaba do motivo polo que se traen, porque ten que ser o Pleno quen aprobe esas facturas e porque non se aprobaron no seu momento, que se quedaron sen crédito nas súas respectivas partidas.

Que xa explicara que o orzamento é unha previsión de ingresos e gastos e que as veces non se corresponden coa realidade. Que este foi o caso.

Que é o resultado dun proceso de depuración e que agardan que sexa o primeiro e último recoñecemento extrajudicial deste ano 2017 e que permitiría pagar facturas importantes, que a maioría delas son de subministración eléctrica e que hai tres do mandato anterior, do 2012, 2013 e 2014.

Indica que é necesario aprobar esas facturas para poder pagarlle a estes provedores.

Con respecto ao que lle preguntaron na comisión informativa se iniciaran o expediente de contratación de subministro eléctrico e que xa indicaron que non. Que o que se fixo foi solicitarlle informe á FEMP porque se está valorando a posibilidade de facelo a través deste organismo. Que hai dúas posibilidades e para ir a outro procedemento sería necesario ter pagadas estas facturas.

Rolda de intervención:

A Sra. Monteagudo di que xa o mes pasado manifestaron a súa opinión e que a van reiterar.

Que as facturas de electricidade teñen un reparo de Intervención, que hai meses que lle ven advertindo da necesidade de iniciar un procedemento de contratación, que di o informe de Intervención do mes de febreiro que aínda non se iniciou e que tampouco se está a traballar na elaboración dun orzamento para este exercicio.

Que aprobarlles este recoñecemento suporía darlles carta branca para que segan actuando deste xeito que, saben tan ben coma eles, que non é o correcto.

Que este xeito de aprobar pagos é un procedemento excepcional ao que están recorrendo coma se fora a forma habitual de pago.

Insístenlle en que ten que facer o orzamento e que teñen que cumprir coa legalidade.

Que á comisión informativa non acudiu o concelleiro da área que o mellor si podía contestar ao que preguntaron que a Sra. alcaldesa non sabía.

Que cando viron que trouxeran de novo este recoñecemento sen cambiar nin unha coma, que pensaron que avanzaran algo no procedemento de contratación do subministro eléctrico ou que lle ían traer un avance, un borrador dos orzamentos, pero que foi unha mera ilusión.

Que lles gustaría saber por qué o concelleiro da área non está presente na comisión.

Que non entenden que hai máis de un ano que lle dixeron que están traballando no orzamento e que non vexan ningún resultado dese traballo. Que non sabe se é que lle conta un conto, unha mentira ou é unha cuestión de capacidade.

Que dicía a Sra. alcaldesa que tamén Rajoy estaba traballando cun orzamento prorrogado pero ese orzamento fixo un goberno que presidía el e que non lles parece comparable.

Que a impresión que eles teñen é que desde que o PSOE lle regalou a Alcaldía pois que a Sra. alcaldesa vive nunha nube e que ten que baixar os pes á terra e poñerse a traballar por este concello que é o que reclama a veciñanza e o que todos e todas esperan.

A Sra. González na súa intervención di que xa manifestaron na comisión informativa que ían votar en contra, por coherencia.

Que na comisión informativa a Sra. alcaldesa anunciou que non había ningunha modificación, que era exactamente o mesmo do Pleno pasado e que desde o seu grupo non o entenden moi ben porque se o mes pasado votaron en contra e esta vez non lles deu ningunha cousa nova, ningún aliciente, que non entenden como o volve a traer sen modificar nin unha soa coma.

Que cre que no Pleno pasado o concelleiro de Facenda dicía que eran as últimas facturas que se ían aprobar de forma extraxudicial. Di que non son as últimas porque lles consta que hai facturas sen pagar que van ter que ir da mesma maneira e que tamén logo de ver o reparo da Sra. interventora, que cren que non deben aprobar esas facturas.

Que a ver se isto lle serve de motivo ou de aliciente para que se poñan a facer o orzamento e que cren que está sen iniciar sequera.

A Sra. Simal di que ao igual que o pasado mes, vai votar a favor e que ao BNG lles preocupa moito a situación na que queda o Concello sen secretario/a e sen interventor/a e que pensan que entre todos e todas deben buscar solucións que axuden a funcionar con axilidade ao goberno municipal e saír do colapso no que se atopa.

Que no Pleno pasado a alcaldesa dixo que os orzamentos se ían presentar pronto e que agora sen interventor/a que lles gustaría saber como vai funcionar isto.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que teñen que facer as cousas que hai que facer, entre elas o orzamento.

A Sra. González di que queren ver o orzamento canto antes riba da mesa.

A Sra. Simal di que o mesmo.

A Sra. alcaldesa di que como xa se comentou na comisión informativa, que este mes houbo cambios no Concello, que se marchou a interventora e o secretario. Que iso provocou que o orzamento, que está moi avanzado, tivera que quedar riba da mesa. Que espera que a interventora se poida incorporar pronto, que esperan que poida acumular o novo destino coa praza de Muros e poder seguir co orzamento, que está practicamente rematado para poder presentarlle aos grupos da oposición e poder recoller as achegas que fagan.

Que neste tempo o que fixo Intervención foi darlle prioridade a outro tipo de actuacións e que , de feito, ten practicamente rematada a liquidación de 2016.

Que no departamento de Intervención, cos recursos humanos que hai agora mesmo, é todo o que se pode facer.

En relación ao recoñecemento extraxudicial que se se aproba, estupendo e que se non que o Concello non vai pechar a iluminación pública ou instalacións municipais porque se rematou a partida e non queda crédito para pagar as últimas facturas, debido aos imprevistos que xurdiron ao longo do ano.

Que como xa sabe moi ben a portavoz socialista, que o recoñecemento extraxudicial ás veces, é inevitable e que no seu mandato se teñen aprobado moitos e que a eles nunca se lle pasou pola cabeza impedirle aos provedores do Concello de Muros que cobraran porque se fixera fóra de tempo. Que nunca votaron en contra dun recoñecemento extraxudicial.

Que o deixan á consideración e responsabilidade de cada concelleiro e concelleira da Corporación que os provedores poidan cobrar o que o Concello lles debe porque ademais son facturas que están comprobadas, subministracións e obras que efectivamente se fixeron.

Que non pagar a estas empresas significa que o Concello poida incorrer nun enriquecemento inxusto, que tampouco pode ser.

Votación:

A favor: 4 votos (3 de CxG e 1 do BNG)

En contra: 8 (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

Queda rexeitado o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MURADÁN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

A Sra. alcaldesa di que se trata dunha moción que quedou pendente do Pleno do mes pasado.

A Sra. González di que se votou en contra da urxencia e da paso á súa lectura xa que non ten coñecemento de ningún manifesto que se fixera desde o Concello:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MURADÁN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

De acordo co previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal socialista desexa someter á consideración do Pleno esta moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conmemoramos o 8 de marzo de 2017 como Día Internacional das Mulleres, co carácter reivindicativo que esta conmemoración supón.

Este ano temos pouco que celebrar porque a desigualdade social medrou. España é o segundo país da Unión Europea, despois de Chipre, máis desigual.

O goberno de Mariano Rajoy usou a crise económica como escusa para dismantelar as políticas de igualdade. Rajoy gobernou até agora en contra das mulleres. Fulminou tanto organismos como políticas específicas de Igualdade. Recortou e suprimiu subvencións para a formación en igualdade. A reforma laboral, que hai que derrogar, supuxo a redución de postos de traballo no sector público, o reparto desigual do emprego no mercado laboral, a precariedade, a temporalidade e o o emprego a tempo parcial das mulleres que levan un significativo recorte na prestación por desemprego e redución nas pensións. todo iso supón un enorme retroceso en dereitos de cidadanía das mulleres.

Dende que governa o PP, o Goberno de Rajoy recortou un 47,6% con respecto aos Orzamentos de 2009 en políticas de Igualdade e na loita contra a violencia de xénero.

España creceu un 23%, segundo o FMI, no número de persoas en risco de pobreza ou de exclusión social. Son fundamentalmente mulleres e novas. Perdéronse 250.000 postos de traballo femininos. No sector público a destrución de emprego feminino alcanza ao 72%. Por primeira vez en 40 anos está a caer a poboación activa feminina. Tras a reforma laboral perdéronse 183 mil empregos, dos cales o 60% do emprego asalariado feminino. A perda de emprego feminino triplica a perda de emprego masculino.

Dende que governa o PP intensificouse a destrución de emprego feminino indefinido: un 68%. O paro feminino rexistrado aumentou até alcanzar o 51,5%. España atópase no sétimo lugar da UE con maior brecha salarial.

A 1 de xaneiro de 2017, a pensión media dos homes era de 1.223,73 euros ao mes fronte a 770 € da pensión media das mulleres. Xunto á expulsión das mulleres do mercado laboral, a precarización das condicións laborais e a temporalidade das mulleres que teñen emprego, está o aumento da brecha salarial.

O Partido Popular no realizou ningún tipo de políticas de conciliación. En España as mulleres traballan 21 horas semanais máis caos homes no traballo doméstico. O 82% das persoas coidadoras principais dos nenos e nenas de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5% as avoas e só o 4,8% os pais.

Fronte a un goberno do Partido Popular, que fixo recaer sobre os ombros das mulleres a parte máis dura da crise e o deterioro do mercado laboral, o PSdeG-PSOE aposta pola paridade, pola corresponsabilidade, por eliminar a brecha salarial, pola equidade no emprego das mulleres que poña fin á precarización das súas vidas. Apostamos por combater a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, por defender os dereitos sexuais e reprodutivos e, especialmente, polo dereito das mulleres a unha vida libre de violencia.

O obxectivo perseguido é o de recuperar o emprego perdido das mulleres, equiparar os permisos de paternidade e maternidade para avanzar na corresponsabilidade, no reparto das tarefas de coidados, reducir a brecha salarial, fortalecer os servizos públicos, e racionalizar os horarios.

O PSdeG-PSOE garantirá a igualdade de mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción no emprego. Eliminará a brecha salarial entre mulleres e homes. Para iso potenciaranse as inspeccións de traballo e incrementarase o réxime sancionador. Reporemos e dotaremos suficientemente as partidas orzamentarias, que se foron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención conta a violencia de xénero, á recuperación integral das vítimas e á súa asistencia social, dependente tanto das CCAA, como dos servizos de proximidade dos Concellos.

Este 8 de marzo, as mulleres e os homes socialistas acompañaremos ás organizacións sociais e feministas nas mobilizacións en defensa dos dereitos e a liberdade das mulleres que se celebrarán en todo o territorio. Un ano máis, reiteramos o noso compromiso en defensa da igualdade das mulleres e homes e facemos un chamamento a toda a cidadanía, ás institucións e ás organizacións para que sumen á conmemoración do Día Internacional das Mulleres.

Ante o aumento da desigualdade nos últimos anos, o desmantelamento das políticas de Igualdade, a deterioración do mercado laboral e os sucesivos recortes do estado do benestar, o Grupo Municipal Socialista presenta diante do pleno, para a súa aprobación, a seguinte declaración institucional, na que insta ao Goberno do Estado a:

- Repoñer os recursos recortados en políticas de igualdade e na loita contra a violencia de xénero.
- Reforzar a prevención en violencia de xénero e facer especial fincapé en evitar a violencia nos mozos.
- Posta en marcha, nos xulgados especializados en violencia de xénero, o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que se pon a denuncia até o final do proceso.
- Repoñer os organismos e políticas específicas de igualdade desmanteladas.
- Derrogar a Reforma Laboral.
- Derrogar a Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Retirada do Anteproxecto de corresponsabilidade parental.”
- Mantemento da lei actual de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo en todos os seus termos, incluída a regulación para as menores de idade.
- Promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real a efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución

para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.”

A Sra. González di que o manifesto xa está aportado:

“MANIFESTO 8 DE MARZO DE 2017

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

O 8 de marzo é o Día Internacional das Mulleres, conmemoración dunha data histórica e reivindicativa de igualdade real de mulleres e homes. Pasou un século e aprendemos que a igualdade de dereitos, políticos, sociais e laborais hai que reforzala cada día, porque cando non se avanza retrocédese e hoxe as ameazas para alcanzar a igualdade son reais e non difusas. O contexto internacional cambiou a peor cos novos responsables políticos que, lonxe de reforzar a democracia debilítana atacando a dúas dos seus alicerces fundamentais, o Estado de dereito e a igualdade.

Xeracións das nosas mulleres viñeron loitando pola liberdade, as nosas avoas, as nosas nais, incluso as nosas bisavoas. Unha liberdade que hoxe, grazas a elas, é un patrimonio colectivo que hai que seguir defendendo cada día porque ninguén nola dá, pero algúns queren arrebatárnola.

A “Marcha das Mulleres” en todo o mundo contra Trump foi a expresión dun berro de liberdade e dignidade para defender os dereitos humanos, a diversidade, a igualdade, a inclusión, os dereitos reprodutivos e condenar o racismo. Máis de seis millóns de mulleres saíron á rúa para manifestar o seu rexeitamento ás políticas machistas da nova administración norteamericana e dos Gobernos conservadores populares europeos. Se o Estado debe garantir a orde social, hoxe obsérvanse m oitos nuboeiros no horizonte. como o desafío institucional dalgúns gobernantes, que menosprezando a importancia das institucións e os acordos internacionais, vulneran os Convenios ratificados polos seus países fronte a todas as formas de discriminación contra as mulleres. Aquí en España, o Goberno do Partido Popular incumpre a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes (LOIEMH). Como son os plans de Igualdade para promover a adopción de medidas concretas en favor da igualdade nas empresas, situándoas no marco da negociación colectiva, para que sexan a partes, libre e responsablemente, as que acorden o seu contido. Así mesmo, incumpre as medidas específicas sobre os procesos de selección e para a provisión de postos de traballo no seo da Administración Xeral do Estado. Tamén nas forzas e corpos de seguridade e nas forzas Armadas.

Sabemos que a discriminación, a desigualdade e o patriarcado seguen estando presentes na sociedade española de hoxe en día. É un problema que foi en aumento ao non poñerse en marcha medidas por parte de Goberno para acabar con elas. De aí o retroceso significativo en combater e erradicar a violencia de xénero, incompatible coa democracia. A violencia machista segue crescendo, tamén as mulleres asasinadas e as súas fillas e fillos, vítimas todos eles de maltratadores. A subcomisión para un pacto de estado contra a violencia de xénero é un bo paso pero non suficiente. Hai que previr e garantir a formación en igualdade en todos os ciclos formativos entre as e os mozos. Con todo, o Goberno suprimiu este ano as subvencións ás universidades para a formación en igualdade, así como os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas. Só educando en igualdade, poderemos vivir en igualdade.

Mentres sigan existindo ataques ás mulleres comprometidas coa igualdade real, non avanzaremos en igualdade. É un síntoma dunha cultura machista arraigada que salpica tamén a algúns responsables públicos do Partido Popular. Os insultos e descualificacións cara ás mulleres por parte do alcalde de Alcorcón e do alcalde de Almendralejo, descualifícanlles para o exercicio da responsabilidade pública. Non é suficiente con pedir perdón, dimitirán.

A crise foi utilizada por Rajoy opara desmantelar as políticas de igualdade desatendendo as recomendacións da CEDAW, Convención para a Eliminación da Discriminación contra a Muller de Nacións Unidas, de ampliar o investimento e a protección social das mulleres. Desigualdade e discriminación reflectidas nos orzamentos do Goberno. Recortes drásticos en políticas de igualdade cuxo resultado é o empobrecemento das mulleres, sobre todo das máis vulnerables e que levou á feminización da pobreza.

A reforma laboral está a prexudicar máis ás mulleres pola repartición desigual do emprego no mercado laboral, pola precariedade e a temporalidade laboral e o emprego a tempo parcial, que levan un significativo recorte na prestación por desemprego. Por iso é polo que a pensión que reciben as mulleres sexa un 37% máis baixa que a dos homes, porque os salarios que teñen as mulleres son un 23,25% menos. E é que a brecha de xénero foi crescendo nos últimos seis anos.

As mulleres con discapacidade sofren discriminación múltiple. Hai que fomentar o acceso á educación superior deste colectivo e a súa participación social e política. Respectar os seus dereitos sexuais e reprodutivos. Hai que implementar medidas de apoio adecuadas para que as vítimas de violencia de xénero teñan as axudas necesarias e accesibles.

O PSdeG-POSE é o partido que defendeu e vén defendendo a igualdade, como principio fundamental, tamén a paridade, a corresponsabilidade, o fin da brecha salarial e da precarización do emprego das mulleres. O PSdeG-PSOE está comprometido con poñer fin á secuela social que é a violencia contra as mulleres polo feito de ser mulleres, con acabar coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual, coa defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos. É dicir, co dereito das mulleres a unha vida libre de violencia.

No ADN dos e das socialistas está eliminar todas as barreiras contra as mulleres que seguen en pé. Fixémolo cando gobernamos co fin de avanzar na igualdade aprobando leis, como a Lei integral contra a violencia de xénero, a Lei de igualdade, a Lei de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, a Lei de matrimonio entre persoas do mesmo sexo, a Lei de dependencia, o Plan concilia, a implantación da coeducación e a educación para a cidadanía.

Queremos unha sociedade na que as mulleres vivan libres de violencia, unha sociedade paritaria e participativa na que as mulleres ocupen o lugar que lles corresponde por dereito e por capacidade. O 8 de marzo as mulleres e homes socialistas, estaremos xunto ás organizacións sociais e feministas para defender os dereitos, a liberdade e igualdade das mulleres. O PSdeG-POSE fai un chamamento a toda a cidadanía, ás institucións e organizacións para que xuntos avancemos cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria e na que ninguén quede fora.

Viva o 8 de marzo! Día internacional das Mulleres.”

Rolda de intervención:

Fai a intervención a Sra. Uhía Patiño e di que consideran que reiterar un compromiso en defensa da igualdade e sumarse ao chamamento para conmemoración do Día da Muller, non é suficiente e que neste caso, para eles, é unha demagogia pura. E que presentarlle ao Pleno de Muros unha proposta para derogar a Reforma laboral ou incrementar as sancións laborais, por exemplo, que é moi grande e que verdadeiramente hoxe podía estar alí Rajoy porque é o protagonista do Pleno.

Que pensa que deberían avanzar con medidas e propostas máis concretas, asumidas por todos e todas ou pola maioría.

Que son conscientes que o ámbito local é o marco idóneo para promoción e xestión de servizos que faciliten a conciliación e pensa que sería máis útil que entre a Xunta e a Fegamp acadaran un pacto pola conciliación e a corresponsabilidade, dotando aos concellos de recursos precisos para levalo a acabo e non unha proposta tan ampla e tan demagóxica desde o Pleno de Muros.

A Sra. González di que lles chama a atención que se presente unha moción en defensa das mulleres e que lle chamen demagogia e por riba que o diga unha muller. Que lles parece un pouco forte que unha muller diga que é demagogia pedir os dereitos das mulleres. Dereitos que non os ten que pedir Rajoy, que os temos que pedir todos e todas. Que non ten que vir Rajoy, que o único que fixo foi recortar. Que calquera sede é válida para pedir e reclamar os dereitos de quen sexa, neste caso das mulleres e que se sente moi orgullosa de estar reclamándoos. Que non lle parece ningunha demagogia.

Que a proposta que fai a Sra. Uhía, de que cheguen a un acordo a Fegamp e a Xunta, que lle parece ben. Xunta, Fegamp, Goberno de España, que se xunte todo o mundo pero que sexa positivo e que vala para algo.

Que non ten datos actuais e non sabe o que pasou estes dous anos, pero que os anos anteriores desde a Xunta de Galicia para fomentar a conciliación, a axuda aos dependentes, axuda nos fogares, que o recorte no Concello de Muros foi case do 60%. Que o pode dicir a súa compañeira de Servizos Sociais.

Que non sabe se nestes dous anos o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoi fixeron un exame de conciencia pero cre que a cousa segue para atrás a marchas forzadas.

Que están vendo todos os días que, por desgraza, a xente que ten pedida a axuda á dependencia cando lle chega a carta, están enterrados. Que lle parece moi forte que desde calquera lado, se defendan esas políticas.

Cre que o que teñen que defender, e que o Concello de Muros tamén e quen de defender, os dereitos das mulleres e de poñer os medios necesarios porque lle consta que desde o goberno de Muros, non somente é necesario senon que hai casos moi puntuais que si necesitan dunha política municipal e onde se necesita un apoio desde o Concello.

Que ela estivo de alcaldesa e sabe como funciona e que cre que actualmente está funcionando da mesma maneira e que non chegan as subvencións, os cartos. Que non chegan os apoios nin para as mulleres nin para os dependentes e que todo o que se pida, todo que se apoie que non se critique e se diga que é unha demagogia que se defendan os dereitos das mulleres. Que lle parece moi forte.

Que eles e elas seguirán pedindo e que son conscientes. Que o pediron no POS e que cada vez que teñen oportunidade piden que se aumenten as partidas de Servizos Sociais porque é moi necesaria no noso concello. Que está falando das mulleres de Muros.

A Sra. Simal di que de todas as mulleres. Que esta moción, en principio, presentábase polo Día da Muller, falando do 8 de marzo. Que o 8 de marzo xa pasou e que a moción se presentou tarde pero que vendo o contido que lle parece que non é unha loita polo 8 de marzo, que é unha loita diaria, para todas.

Que falar de demagogia, que está de acordo coa voceira socialista, que é moi forte e máis que o diga unha muller. Que vendo os recortes do PP, no tema de igualdade, de loita contra a violencia de xénero, que non esperaba menos.

Que van apoiar a proposta, que lle parece moi correcta e que a revolución será feminista ou non será.

A Sra. Uhía Patiño pide que non se terxiversen as súas palabras. Que cada un ten a súa forma de ver as cousas e que ela aí non se vai meter. Pero que non dixo que era demagogia o que se pide nin que o pida unha muller. Que ela tamén está moi orgullosa de ser muller e que bastante loita no día a día na parte que lle compete.

Que di que é unha demagogia o argumentario da moción. Que o repite e o mantén. Non o que se pide, nin que o pida unha muller e do xeito que se pide.

Que se cada un de nós, na nosa parcela do día a día, loitaremos pola igualdade como fai ela na súa parcela, que mellor nos iría a todos.

A Sra. González di que lle parece moi ben que ela loite na súa parcela pero que non están falando do que loita cada un, que están falando dos dereitos das mulleres, que é moi distinto. Que cada un fai da mellor maneira pero que os dereitos das mulleres estanse conculcando desde os gobernos e que iso non ten discusión ningunha.

Que a Sra. Uhía ten as siglas do Partido Popular e que as están defendendo e que están defendendo o recorte dos dereitos das mulleres. Que desde a súa postura, a título persoal, sería moi importante que llo transmitira aos seus compañeiros de partido. Dicirlle que o Concello de Muros necesita apoios para que as nosas mulleres teñan o que lle corresponde, que teñan unha casa de acollida, dereito a alimentos, dereito a poder traballar e deixar os seus fillos para poder acceder ao mercado laboral, para cobrar o mesmo que o resto. Que iso é o que temos que defender independentemente de que poña PP ou PSOE.

Que a Sra. Uhía somente ve unha rosa e xa se pon nerviosa, pero que eles teñen moi claro que os recortes chegaron ao Concello de Muros co Partido Popular, sobre todo a Servizos Sociais.

Que os recortes chegaron en todos os ámbitos, que poden xustificar que se fixeron de maneira xeral pero o que non poden xustificar é as prioridades. Que un político ten que priorizar e o que non pode ser unha prioridade nun recorte, nunca, é en contra das mulleres nin dos menos válidos.

Que iso o defenden dende o Partido Socialista. Que a Sra. Uhía poderá dicir que o defende a título particular pero que a nivel político non porque unha persoa que recorta desa maneira non pode dicir A nun lado e B no outro.

Que eles o defenden aquí é onde os poñan. Que as políticas sociais son do Partido Socialista e que a xente de esquerdas as defende sen condicións e eles non.

A Sra. alcaldesa di que o Grupo de CxG apoian a moción do Partido Socialista e engadir, por alusións, que o día 8 de marzo, neste Concello, fíxose un recoñecemento a todas as mulleres a través dunha homenaxe ás mulleres de maior idade de cada parroquia. Que se leu ese día un manifesto que se pode ver en *Internet* e a través do CIM.

Que se fixeron actividades nos tres colexios do Concello cos nenos, porque lles parece importante traballar esta temática cos máis novos e que a obra de teatro desa semana tamén era unha obra vinculada ao papel da muller, concretamente a obra "Carmín e Voaxa".

Dá paso á votación:

A favor: 8 votos (4 do PSdeG-PSOE, 3 de CxG e 1 do BNG).

Abstencións: 4 do PP.

6 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía núm. 73 á 133 e das actas das Xuntas de Goberno Local núm. 4, 5 e 6 do 3, 17 e 24 de febreiro de 2017.

B Parte de control dos órganos de goberno.

7 MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

8 ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos e preguntas do grupo popular:

"-En primeiro lugar dar conta de que por fin se convocou o Curso de lingua de signos polo que preguntamos en varias ocasións. Así que grazas ao Servizo de Normalización Lingüística e a área de cultura do Concello que se encargou da súa organización, segundo vostede nos manifestou.

-Xa que saca a colación o acto do día 8 de marzo, queremos saber se o acto que tivo lugar no Concello un acto de homenaxe á muller. Era un acto de compromiso por Galicia ou era un acto institucional? En varias ocasións tivemos que recordarlle que os actos institucionais do Concello non son patrimonio exclusivo do partido do goberno, e imos ter que recordarllo unha vez máis. A primeira vez pode ser un erro, a segunda xa en fin, pero que pase da corporación de forma reiterada xa é un xesto de mala educación, de desprezo aos concelleiros e ao pobo de Muros, que a verdade, non nos esperabamos de vostede, ata nisto está resultando vostede unha decepción.

-Na acta da Xunta de Goberno Local do día 3 de febreiro apróbanse as bases reguladoras das subvencións para actividades culturais e deportivas no ano 2017. E as do 2016? Que pasou con elas? Non se convocaron, foi tal o caco que se montaron coas subvencións nominativas, que se esqueceron de convocar as dirixidas a entidades no ano 2016?

-Na Xunta de Goberno Local do 17/02/2017 apróbase una solicitude de subvención para un proxecto de "Sinalización turística intelixente para o Concello de Muros". Ese mesmo día a

Sra alcaldesa aproba un decreto para solicitar una subvención para un Plan de sinalización de recursos turísticos. Queriamos saber en que consiste o proxecto de sinalización turística intelixente e en que se diferencia do solicitado cos concellos da ARD Ría Muros-Noia. Tamén saber se lle consta que a sinalización turística que igrexa de Santo Estevo de Abelleira.

-Hai unha factura de Técnicas Enerxéticas Integrals, por importe de 2.420 euros, e polo concepto Estudo e análise da facturación eléctrica de 5 anos en instalacións de iluminación pública e dependencias do Concello de Muros. Cal ou cales son as conclusións de dito informe? Propón algunha medida para conter o elevado custo que se vén abonando pola iluminación pública ou algunha fórmula de contratación que resulte beneficiosa para o concello? Que non sexa apagalo, claro, que era o que facía o anterior goberno, porque para iso non nos fai falta ningunha consultoría.

-Solicitan no Fondo de Compensación Ambiental un proxecto de mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública 2ª fase. Pode concretar onde se vai facer e en que vai consistir?

-Na Resolución do concelleiro de Facenda relativa ao expediente 407/2017 indícase que o procedemento de aprobación foi por RESOLUCIÓN TELEFÓNICA. Pódenos explicar en que consiste esta modalidade?

-No pleno anterior, e a raíz dos accidentes ocorridos no peirao e no recheo, pedímoslle que convocase a Xunta Local de Seguridade. Pensamos que hai dous temas importantes que se deberían tratar nesa xunta: o plan de emerxencias local e os problemas de orde público que se veñen dando dende hai meses no Chalón e Fonte Vella. Ten pensado convocala? Ou con dicir que escoita o rogo que lle reiteramos considera que é suficiente? Teremos que esperar a que pase outro desgraciado accidente para que vostede se decida a actuar?

-Declarou vostede de forma reiterada neste Pleno que xa estaban aboadas todas as subvencións nominativas do 2016. Non é verdade, unha vez máis miente. Cando teñen pensado pagar?

-Manifestou vostede que o problema das clases de informática en Esteiro estaría amañado en breve. As clases aínda non se reanudaron. Vai facer algo a este respecto, ou xa desiste e o deixa para o curso que vén? Que pasa coa xente que abonou a matrícula para este curso?

-No mes de xaneiro a AXI, a Axencia Galega de Infraestruturas, notificou ao concello que durante os días 14, 15 e 16 de marzo ían a proceder ao pago de xuros e xustiprezo correspondentes aos expedientes de expropiación forzosa polas obras na AC400, treito Muros-Paxareiras, e na AC550, treito Muros-Outes. Dita notificación foi feita con arranxo ao disposto no artigo 49 do regulamento de expropiación forzosa, que indica que é a ALCALDÍA DO CONCELLO A QUE DEBERÁ NOTIFICAR A CADA UN/UNHA DOS/AS INTERESADOS/AS A CONVOCATORIA PARA O PAGO.

Por qué non se fixeron esas notificacións? Considera que as notificacións a veciñanza se fan a través do Facebook, e unha vez transcorrido o primeiro día do pago? Por qué lles está mentindo aos interesados, decíndolles que os tiña que notificar a Xunta?

-O Bar de San Francisco está pechado. Renunciaron á concesión do local? Se así foi, non teñen pensado facer nada? Vai estar pechado para Semana Santa, tamén para o verán? Fala moito de manter os servizos cando dependen doutros, pero cando a cousa depende de vostede, non move un dedo.

-Estamos a poucos días da Semana Santa, e aparte do apaño provisional que fixeron no paseo de Louro, non se ven outras actuacións. O paseo de Muros está desfeito, faltan máis de corenta árbores, aí están os ocios para ver e de paso tropezar neles, hai un montón de baldosas soltas, está sucio e cheo de herbas, farois rotos e sen luz. Se isto é en pleno casco histórico como estarán as parroquias! Non teñen pensado facer algunha actuación de adecentamento nos espazos máis turísticos do concello cara a Semana Santa?

-Detrás da praza do mercado hai un contedor de obra que leva alí máis de dous anos, segundo nos din os veciños. Non lle consta ao concello?

-Hai moita xente que se está queixando do funcionamento do departamento de Servizos Sociais, aparte da que está esperando polo servizo. Sabemos que é un tema delicado, e

precisamente por iso debería ter máis dedicación pola súa parte. Non sabe o que pasa no servizo e ao parecer tampouco lle importa moito. Cando se vai a contratar máis xente para asistencia a domicilio, segundo se comprometeu na aprobación do Plan único da Deputación?

-Van solicitar un obradoiro de emprego? De ser así, rogámoslle valore a posibilidade de que se restauren e pinten os pes de ferro dos farois. Sería unha pena que por puro abandono acaben sendo inútiles para a súa función.

-Acabamos de ver na prensa que nas augas da praia da Virxe do Camiño baixa a calidade. No mes de xaneiro do pasado ano propuxémoslle que dedicara parte do PAI a solucionar os problemas dos bombeos, pero vostede non quixo, e acabou renunciando a esa axuda que a Deputación puxo a disposición dos concellos. Dixo despois que ían a arranxar os bombeos con fondos propios. Aparte de renunciar ao PAI e botarlle a culpa aos usuarios por tirar toallíñas, fixo algo, executáronse eses investimentos? Cal foi a contía dedicara a este problema? Porque non vemos resultados?

-Hai uns meses puxemos no seu coñecemento o problema de acceso que teñen os usuarios e as usuarias do vao número 192 en Miraflores. Fixo algo a este respecto? Ou é que non é capaz de conseguir que lle fagan caso?

-Hai tamén un par de meses que nos dixo que en canto remataran cos traballos de poda se poñían a limpar os camiños de Serres. E que aínda non acabaron de podar? Porque xa non é tempo...

E por último, un rogo:

-Segundo as noticias da prensa o próximo mes de abril a presidencia da Mancomunidade vai pasar a mans do Concello de Muros, é dicir, as súas, Sra Alfonso. Hai uns días, mentres en Muros se celebrara unha reunión sobre o Rexistro da Propiedade o portavoz do BNG asistía a unha reunión poética en Noia (non llo reprochamos, sen dúbida a poesía ten máis atractivo que os asentos rexistrados). O conto é que a raíz desa visita a Noia conclúe o Sr. García que a incapacidade da nosa alcaldesa é contaxiosa. A Sra Alcaldesa en cambio cre que o que pasa e que ela ten máis poder, e se en Muros non se recolle a lixo, pois en Noia tampouco.

Nós, Sra Alfonso, xa perdemos a confianza nos seus poderes, así que ademais de desexarlle moita sorte nesa xestión (que falta lle vai facer), pedímoslle que sexa dilixente nesa tarefa tan importante para todos os concellos da comarca, pero sobre todo para o noso. Está o pobo que dá pena, dende Esteiro ata Louro. Sabemos que é un problema da mancomunidade, que están os camións avariados, pero pódese e débese facer algo máis neste tema.”

A Sra. alcaldesa contesta:

-Con respecto aos actos do 8 de marzo que en ningún deses actos se mencionou o nome de ningún partido político e que estaba igual de convidado todo o mundo, pertencera ou non a esta Corporación.

-Sobre as bases de Cultura e Deporte, o concelleiro de Facenda, Promoción Económica e Deporte, Sr. Uhía, explica que a voceira do Partido Popular ten razón, que o problema foi que moitas asociacións que presentaron as solicitudes mal. E que Intervención non autorizaba que se presentaran facturas posteriores ao proxecto. Que as do 2016 eran para xustificar facturas anteriores á convocatoria do proxecto e que Intervención dixo que a subvención se convocaba para proxectos futuros.

Que as subvencións son para proxectos que vas facer e non que xa se fixeron e que o que pasou foi que as do 2016 non se convocaron a tempo.

-Con respecto ao Plan de sinalización de recursos turísticos, o Sr. Quintela explica que sobre o acordo da Xunta de Goberno Local, que é unha liña de axudas de Turismo e que a que se solicitou é de sinalización turística física, peonil e máis intelixente para o casco de Muros. Que cren que o casco está falto de sinalización turística que é practicamente inexistente.

Que a sinalización intelixente é, basicamente, con miras ao futuro xa que cada vez máis a xente fai uso dos dispositivos intelixentes e do que se trata é facer chegar aos dispositivos móbiles mediante sinal *bluetooth*. Que son uns dispositivos electrónicos que emiten

continuamente unha mensaxe e ao estar preto do punto e ter activado o *bluetooth*, que abre directamente unha páxina *web* cos contidos que desde o Concello se queiran inxerir.

-Sobre o estudo e análise da facturación eléctrica, tamén contesta o Sr. Quintela e di que agora mesmo non lle pode dar esa información pero que está a disposición de calquera concelleiro e concelleira que queira ver a documentación que lles entregaron.

A Sra. alcaldesa di que lle pasan unha copia da documentación que lles entregaron como resultado dese estudo.

-Sobre o Fondo de Compensación Ambiental, o Sr. Quintela di que o proxecto é "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública, 2º fase". Que o que se solicita é unha actuación dende a praia de Medrón ata Xantoque, que inclúe a substitución das luminarias da estrada por luminarias tipo *led*, reducindo a metade a potencia e o consumo para manter uns niveis de iluminación adecuados á vía.

-Sobre a resolución do expediente 407/2017, o Sr. Uhía explica que agrupa todas as facturas de telefónica e que aparece como resolución telefónica para identificalo.

-En relacións aos problemas de seguridade a Sra. alcaldesa di que recentemente houbo actividade de noite, precisamente nesa zona onde había problemas, como resultado das conversas e dos traballos que se levan feito entre a Garda Civil e a Policía Local e Alcaldía.

Que non foi casualidade e que entenden que son actuacións que non é conveniente anunciar antes de que se leven a cabo. Pero que é unha proba de que se está traballando nos graves problemas que hai en varios puntos pero sobre todo preto da Casa do Concello.

Á petición de aclaración da Sra. González, a Sra. alcaldesa di que houbo unha redada cunha persoa detida.

Que non houbo Xunta Local de Seguridade pero si que houbo varias reunións da Policía Local, Garda Civil e Alcaldía.

-Sobre as subvencións nominativas do 2016, o Sr. Uhía di que quedaba por pagar a de Semana Santa e a de Corpus e que xa están tramitadas. Que foi porque a persoa que solicita é unha persoa física e non xurídica e que dese xeito ten que asumir o ingreso esa persoa ou dar os datos correctos.

-En relación ao proceso de pago de expropiacións, a Sra. alcaldesa di que en xaneiro chegaron as notificacións. Que se chamou á Consellería para preguntar se había que entregar todas elas e contestaron que só había que entregar as que non tiñan un enderezo. Que iso foi o que se fixo e que se puxo a disposición todos os medios que había no Concello, ademais de informar publicamente do proceso de notificación.

-Sobre o Bar San Francisco, que se está traballando na elaboración duns pregos para poñelo en marcha e que contan que este verán estea traballando.

-Sobre as actuacións de cara a Semana Santa, que ao igual que todos os anos se vai proceder á limpeza das rúas do casco histórico, que de feito xa empezaron, o paseo marítimo e zonas verdes e recreativas de todo o concello e algunha praia. Que todos os anos se fan traballos previos para que en Semana Santa estea Muros o mellor posible.

-Sobre o contedor de detrás do mercado que o mirarán.

-No que respecta á pregunta sobre a axuda a domicilio que se está agora no novo proceso de selección de persoal. Que son unhas novas listas coas que se procederá á contratación.

Que tamén se pediron orzamentos a varias empresas que fan estas prestacións para cubrir emerxencias e poder garantirlle ás persoas que estean traballando como auxiliares de axuda a domicilio os días libres que lle corresponden. Que a lista que estaba operando ata o de agora, había veces que cando alguén faltaba e se tiraba da dita lista para cubrir a praza, non había ninguén que puidera ou quixera ir. Que ten pasado en varias ocasións e que había traballadores/as que non podían gozar dos días libres que lle correspondían.

Á pregunta da voceira popular a Sra. alcaldesa di que non se vai externalizar o servizo que está falando de momentos puntuais e polo tempo que sexa imprescindible.

-Que se vai solicitar un obradoiro de emprego e que xa se asinou un convenio co Concello de Carnota. Que se vai solicitar conxuntamente. E que un dos traballos que se formulan no proxecto de obradoiro de emprego é a restauración das luminarias do paseo de Muros.

-O Sr. Quintela, en relación cos bombeos da Virxe do Camiño, primeiro aclara que a noticia que sae no xornal non di que a calidade das augas da Virxe do Camiño empeorara. Que di que se mantén, por desgraza.

Explica que o problema non é derivado do mal funcionamento dos bombeos, senon de que a rede de saneamento é deficitaria nalgúns puntos, co cal se seguen continuando os vertidos á cunca do río Valdexería.

Que as actuacións feitas nos bombeos foron reparacións, limpeza e que salvo situacións puntuais, nas que pode saltar algún térmico por subidas de tensión, que están funcionando ben.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo que non todas as vivendas están conectadas á rede de saneamento, o que dificulta que a calidade da auga, nesa praia, mellore.

-Con respecto ao vao núm. 192 de Miraflores a Sra. alcaldesa di que o vai mirar.

-Sobre a limpeza de camiños en Serres, que é certo que aínda non foron porque non puideron. Que tiveron outras cousas que facer pero que é algo que está pendente para facer en canto poidan.

Rogos e preguntas do Grupo Socialista:

- A Sra. González di que quere aproveitar unha das preguntas do Partido Popular, sobre as zonas verdes, e que hai zonas verdes na porta do seu despacho, na praza do Cristo e na maior parte dos canellóns de Muros. Que era conveniente, xa que falan da Samana Santa, que se lle votara unha ollada e roga que se controlen esas zonas verdes do casco.

-Roga se se faga o necesario para que a praia da Virxe do Camiño, que é unha praia marisqueira, que non siga dando deficitario a análises das súas augas. E roga que se fai falta facer inversión, se se faga porque no goberno anterior fixeran unha inversión moi importante.

- Que levan en Louro case dous anos sen conta contos.

-Que os parques de todo o Concello necesitan un mantemento importante.

-Que a Sra. alcaldesa non contestou se é certo que vai tomar posesión como presidenta da Mancomunidade e que se é verdade que vai tomar posesión desa presidencia que lle rogan que se poñan a funcionar os contedores soterrados. Que están moi nerviosos, visto como está o lixo agora mesmo, co que vai pasar en Semana Santa e no verán. Que é para preocuparse.

-Que, con respecto o que dixo da contratación de persoal de servizos sociais, que rogan que no se externalice ese servizo, que na piscina se contratou unha empresa para dar clase de *zumba* segundo se desprende das facturas. Que en Muros hai xente titulada suficiente como para facer o traballo de axuda a domicilio e que non lles gustaría ver unha empresa de fóra debido á cantidade de parados que temos no Concello.

-Con respecto ás cartas das expropiacións, que mandaron da Xunta de Galicia con saída do 16 de xaneiro de 2017, unha comunicación para que citara aos afectados e que cando chegaron a xente non sabía nada porque non se mandou. Pero que non é certo que non se mandaran porque chegaron hoxe, desde hai máis dun mes. Que lle chegaron hoxe aos afectados, sen rexistro de saída e sen data.

Que cando chaman ao Concello que lle din que non se preocupen porque lle van pagar pero que van ter que ir a Santiago a cobrar.

Rogan que o Concello, que ten que prestar ese servizo, que o preste e non dous meses despois.

-Que queren saber cal é a débeda que acumula a actual concesionario do cámping "A Vouga" e canto tempo lle queda.

-Que pasa cunha licenza de obra do Sr. Elixio, en Tras da Costa, que segundo el e os técnicos cumpre todas as condicións, e non se lle dá a licenza.

-Que na Xunta de Goberno Local do 17 de febreiro de 2017 apróbase a subvención para a mellora das áreas infantís e deportivas de Esteiro, por 61.940,03 € e que queren ver o proxecto e saber o que se vai facer.

-En relación ao Fondo de Compensación Ambiental, que xa lles dixeron que é para mellorar uns farois na entrada de Esteiro, 2ª fase (contesta o Sr. Quintela que desde Xantoque a última casa saíndo de Esteiro).

-Que para as clases de *zumba*, que se contratou unha empresa e que non viron o contrato en ningunha Xunta de Goberno. Que non saben cando se contratou. Que deberían ter visto o contrato porque xa se está pagando e cónstalles que Muros paga con moito atraso.

Que rogan que cando haxa un contrato fagan partícipes ao resto da Corporación.

-Que queren saber se os informes xurídicos van ter conclusión porque como non teñen que non saben se son válidos ou non.

-Que están moi preocupados co problema de Espina&Delfín, que xa se acabaron todas as prórrogas que se inventaron. Que seguen mantendo que teñen unha prórroga de cinco anos pero que non saben que conversas se están levando, que pasa co canon, se se está facendo algún tipo de xestión para reclamar a débeda que ten co Concello de Muros. Que non saben nada.

-Que non queda moi ben que a Sra. alcaldesa faga culpable a toda a Corporación ou á oposición da súa ineficacia porque non pode dicir que se non pagou as facturas da luz, a culpa é da oposición que votaron en contra. Que a culpa é dela porque non ten un orzamento e non ten unha partida para pagar a luz.

Que lle rogan que cando lles bote a culpa o faga con razón como cando eles lle botan a culpa a Sra. alcaldesa.

-Con respecto á obra de Anido, que é do POS do 2016, que aínda non se empezou, pero que aparece na Xunta de Goberno do 3 de febreiro unha corrección de erros dun acordo adoptado na XGL do 25/11/2016 e que ela non encontra esta Xunta de Goberno. Que non sabe se non lla pasaron ou non a hai.

Que no pleno ordinario de xaneiro se levaron outras actas de Xuntas de Goberno e que queren ter esas actas. Que debe faltar algunha máis.

Rogan que se lle faciliten esas actas.

A Sra. alcaldesa contesta:

-Con respecto ás zonas verdes do casco de Muros, que xa se están limpando.

-En relación á Virxe do Camiño, que no POS do ano pasado se investiron seiscentos e pico mil euros e case todos son en investimentos para saneamento que inciden directamente na mellora da Virxe do Camiño e da súa auga.

Que está máis que demostrado que se poden investir para mellorar esa situación que se fai. Que xa se fixo e se segue facendo.

Que xa comentou que nesa zona segue habendo casas sen conectar porque non teñen rede de saneamento. Que non é só o problema do bombeo.

-Sobre o mantementos dos parques que se vai facendo pouco a pouco.

-Con respecto á presidencia da Mancomunidade, que si que a vai coller porque lles toca e aclara que, por desgracia, a posta en marcha dos contedores soterrados (que o sabe moi ben a voceira socialista porque foi quen os colocou e non foi capaz de poñelos en marcha antes de deixar a Alcaldía) que non resolvería o problema da recollida do lixo. Que se os camións están avariados para recoller o lixo en superficie, tampouco van recoller os contedores soterrados.

-En relación ao persoal de Servizos Sociais que xa dixo que non se vai externalizar. Que non é crible cando, agora mesmo, se está rematando un proceso de selección de auxiliares de axuda a domicilio.

-Con respecto ás cartas das expropiacións, que as que chegaron hoxe son as das persoas que non foron no seu momento. Que o que se fai é informarlles que poden facer efectivo o seu cobro en calquera momento. Que se lle di a forma e que non teñen que ir a Santiago. Que poden ir se queren pero non é necesario porque hai un teléfono e un enderezo electrónico a través dos cales poden funcionar.

-Que non sabe cal é a débeda acumulada do cámping "A Vouga" e que o consultará. E que ela saiba non rematou a concesión.

-Con relación á licenza de obra de Elixio, que non hai ningún problema en especial. Que hai dous informes e un deles ten observacións e que se vai requirir aos promotores para que aleguen sobre esas observacións para logo tratar na Xunta de Goberno a concesión ou non desa licenza, segundo os informes técnico e xurídico.

-Con respecto a se os informes xurídicos van ter conclusións ou non, que os fan os técnicos xurídicos e son eles os que deciden o que teñen que poñer.

-Sobre o acordo da Xunta de Goberno Local, das melloras das áreas de lecer, explica o Sr. Quintela que o que se contempla nese proxecto é dotar ao colexio "Ricardo Tobío" dunha pista deportiva con dimensións adecuadas e en condicións e a renovación do caucho do parque infantil do Artón.

Ao dicir a voceira socialista que non viu o proxecto, a Sra. alcaldesa dille que non ten máis que solicitalo e se lle ensina.

-Sobre as clases de *zumba*, o Sr. Uhía di que a persoa que dá esas clases é unha rapaza do Concello. Que o tema é que factura a través dunha asociación de autónomos que axudan a persoas que non lle fai falta cotizar como autónomos porque están asociados a esa empresa.

Que polo seu importe, non é necesario facer un contrato. Que se pediron orzamentos para unha prestación de servizos.

-A Sra. alcaldesa di que mirarán as actas das xuntas de goberno que non lle cadran.

Rogos e preguntas do BNG:

"- Avanzouse algo no arranxo do paseo de Esteiro?

- Sábese xa cando se vai executar a colocación do repetidor de TV en Santa Cataliña?

- Hai algún avance nas conversas con Telefónica *Movistar* para dotar de *Internet* por cable ás parroquias de Torea e Abelleira? Lembramos que hai unha moción aprobada polo Pleno da corporación.

- Sábese por fin algo da reclamación feita a Costas sobre as obras na Illa da Creba?

- Sobre a recuperación da praza de Galiza. Ten pensado o goberno municipal convocar algún día a mesa sectorial para comezar o plan de dinamización?

- O cable solto á altura do Salto segue igual. Averiguou o Concello a quen lle corresponde amañalo ou fíxose algo por amañalo?

- O persoal temporal seguen sen cobrar os trienios, vaise solucionar?

- Por qué aínda non se abonaron as nocturnidades á brigada de incendios do verán? Van a cobrarlas?

- Vanse tomar medidas para garantir o cobro das expropiacións a aquelas persoas que non tiveron ocasión de reclamarlas?

- Vai o goberno municipal a interceder para solicitar a permanencia da oficina de correos de Esteiro e evitar a supresión de 2 prazas de reparto na rúa en Muros?

- Ante os roubos producidos neste mes no campo municipal da Salina e no pavillón de Esteiro. Colaborou o Concello no arranxo dos danos ocasionados en ambos locais? Investigouse na busca de culpables?

ROGOS:

- Unha vez máis, rogamos que se elabore un plan de mantemento xeral que atenda de feito eficiente todos os espazos públicos do Concello.

- Rogamos por petición veciñal que se mellore a sinalización e os horarios nas paradas de Bus.

- Rogamos novamente que se dote de *Internet* a casa de Surribos, xa que están a realizarse cursos e charlas informativas alí e facilitaría moito eses actos.

- Rogamos que se arranxe dunha vez o afundimento da beirarrúa que se localiza na Tremenda ao lado da farmacia.

- Rogamos que se atendan as peticións feitas ao goberno da directiva da SD Esteirana para a ampliación dos vestiarios co fin de dispor de vestiarios femininos e a instalación de 2 torretas de focos no campo Xosé Luís Vara (unha a cada lado das que xa hai), e a ser posible, subirlle a altura para que abarquen a visión completa do campo de xogo e ter unha iluminación digna.”

A Sra. alcaldesa contesta:

-Con respecto ao paseo de Esteiro, que o último que lle comentou o xefe da Demarcación de Costas foi que o proxecto está na Asesoría Xurídica en Madrid.

-Sobre a TV en Santa Catalina que se está elaborando o proxecto e ao mesmo tempo está practicamente conseguido un terreo para instalar a torreta.

Que o terreo que tiñan conseguido antes, a propietaria pedía unha cantidade que o Concello non podía facer fronte e que por iso buscaron outra alternativa.

-Sobre *Internet*, o Sr. Uhía di que se falou con Telefónica e con Vodafone e que esta última compañía está disposta a instalar unha antena unha vez estea instalado o repetidor de TV e que está pendente do que lle diga Telefónica.

-Sobre as obras na illa de Creba, a Sra. alcaldesa di que seguen sen saber nada.

-Con respecto á recuperación da praza de abastos que está un funcionario buscando a información que se necesita para montar a Mesa Local de Comercio, pero que ese funcionario este mes tivo moito traballo, con varias subvencións e bases de contratación que está preparando e que se lle pasaron aos representantes dos traballadores antes de aprobalas.

-Sobre o cable á altura do Salto, que lle comunicaron que era unha especie de funda o que colga e que non é perigosa. Pero que segue pendente de retirar.

-Sobre os trienios dos laborais, que están traballando en Intervención e Tesourería e que van cobrando pouco a pouco.

-Sobre as brigadas de incendios, que lle comunica o persoal que leva o tema que o salario xa inclúe a nocturnidade e que os horarios os marca a Xunta directamente.

-Sobre o roubo da Salina, o Sr. Uhía explica que se presentou unha denuncia, tanto polo acontecido no pavillón de Esteiro como na Salina. Que ao parecer entraron noutro local en Esteiro.

A Sra. alcaldesa di que a Garda Civil fixo algunha indagación e algunha xestión.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos. Dou fe.

O secretario accidental

